

Entra en funcionamento a nova depuradora de Sergude

As instalacións supuxeron un investimento de 1,8 millóns de euros e permitirán depurar todas as augas residuais de Lestedo e Sergude

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha as instalacións da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sergude, inaugurada o pasado mes de febreiro tras un investimento de 1.810.427 euros. Unhas instalacións que permitirán optimizar o tratamento das augas residuais nas parroquias de Sergude e Lestedo, triplicando a capacidade de tratamento da anterior depuradora.

O alcalde, Ovidio Rodeiro; o concelleiro de Obras, Manuel Fernández Munín, e o coordinador de Obras e Servizos, Juan Corral, asistiron á posta en servizo das instalacións, xunto a persoal técnico de Espina e Delfín, responsable da xestión do ciclo integral da auga en Boqueixón, e Vázquez y Reino, firma encargada da construción da nova depuradora.

Ovidio Rodeiro indicou que “coa incorporación das augas residuais de Lestedo, as novas instalacións xa están totalmente operativas e permitirán dar un salto de



As novas instalacións triplican a capacidade de tratamento da anterior depuradora

calidade na defensa do noso medio ambiente xa que se trata dunha depuradora moderna e eficiente, deseñada para acadar o mínimo vertido”.

Mellor depuración

Por iso, a nova EDAR de Boqueixón conta con dúas liñas de depuración: unha para a auga e outra para os lodos. Así, conta cunha primeira estrutura de pretratamento da auga que permite separar en tres contedores diferentes os residuos sólidos, as graxas e as areas. Despois, sitúase o trata-

mento biolóxico, cunha capacidade de ata 81 m³ e, en caso de choivas torrenciais, ten un tanque de tormentas para recoller toda a auga.

O tratamento biolóxico consta dun sistema de lodos activados por aireación prolongada de baixa carga, con dous axitadores para a produción de osíxeno. O seguinte proceso é o da decantación secundaria, integrado por dúas liñas onde os lodos sepáranse por gravidade a un pozo de bombeo para a súa posterior deshidratación e tratamento por un xestor autorizado.

Trampas contra a vespa velutina

A Xunta vén de instalar un total de 88 trampas en Boqueixón para frear a expansión da vespa velutina. Unha acción que busca reducir a proliferación deste insecto e minorar o seu impacto na biodiversidade e, en especial, na apicultura local.

O trampeo selectivo foi deseñado por especialistas, apostando por emprazar as trampas en zonas onde xa houbo niños. En caso de que calquera veciño localice un niño de velutina, debe chamar ao 012. E, no caso de que se tratara dunha urxencia, o número a marcar sería o 112.

Cacharelas de San Xoán

O Concello abre o prazo de solicitude para as cacharelas da noite de San Xoán. A documentación debe entregarse antes das 12:00 horas do 22 de xuño no Rexistro Xeral de Boqueixón. O modelo de solicitude e as normas pódense descargar en boqueixon.gal.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

02 xun / 08 xun

GASTRAR

Campo da festa

09 xun / 15 xun

BOQUEIXÓN

Campo da festa

16 xun / 22 xun

CODESO-DONAS

Campo da festa

23 xun / 06 xul

OURAL-POUSADA-SUCIRA

Campo da festa



Convocadas axudas de 400 euros para promover a natalidade e o comercio local

O Concello de Boqueixón vén convocar as axudas destinadas ao fomento da natalidade no municipio durante 2025. Unhas axudas de ata 400 € por cada crianza nada, adoptada ou acollida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025 e que teñen unha dobre finalidade: axudar parcialmente ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos empadroados en Boqueixón; e promover o comercio local, xa que o gasto subvencionado debe realizarse en locais do municipio.

As solicitudes deben presentarse preferentemente por vía electrónica, ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello, cun prazo máximo de 15 días naturais (contados desde o día seguinte ao nacemento, adopción ou acollemento). Os impresos de solicitude están dispoñibles en boqueixon.gal.

Máis información no Departamento de Formación e Emprego: 981 513 061.



Concorrida xornada de fe, cultura e tradición na Romaría do Pico Sacro

Gran participación veciñal na Romaría do Pico Sacro, coa tradicional misa e procesión na honra a San Sebastián. As gaitas do grupo local Son de Gaita (Sergude) puxeron a nota musical e amenizaron a xornada, mentres moitos dos presentes degustaban os doces, o polbo e o churrasco nos distintos postos instalados. Ademais, unha quincena de persoas participou na ruta gratuíta "Viaxe á orixe do Pico Sacro", organizada polo Concello. Unha xornada estupenda grazas ao bo traballo da Comisión de Festas da Granxa.

Aberto o prazo de solicitude das bolsas Pedro Pérez

A Fundación Pedro Pérez vén de convocar o programa "Bolsas Pedro Pérez" para cursar estudos universitarios de medicina e veterinaria, que conta cunha achega máxima de 9.200 euros. O programa está aberto a veciños/as empadroados en Boqueixón (cunha antigüidade mínima dun ano), con preferencia os da parroquia de Ledesma ou os que xa obtiveran esta bolsa en anos anteriores. Máis información en boqueixon.gal.

Próximas excursións a Portugal e Ferrolterra

O Concello de Boqueixón organiza dúas excursións: o sábado 7 de xuño a Vilanova da Cerveira e A Fortaleza, con visitas a ambos mercados; mentres que o 30 de xullo realízase unha saída por Ferrolterra. Inscripcións no Departamento de Cultura (981 513 115 ou cultura@boqueixon.es). Os asentos do autobús adxudícanse por orde de inscrición.



O CFEA de Sergude celebra o seu cincuenta aniversario

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, presidiu o acto conmemorativo do 50 aniversario do Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) de Sergude, onde puxo en valor a importancia destes centros para o desenvolvemento do rural e a formación de profesionais altamente cualificados.



María del Carmen Seijas presenta o libro "Avó, cóntame aquel de..."

O centro de interpretación do Pico Sacro acolleu a presentación do libro "Avó, cóntame aquel de...", de María del Carmen Seijas López, quen estivo acompañada polo alcalde Ovidio Rodeiro. A autora aproveitou para explicar aos presentes as motivacións que a levaron a escribir este libro dirixido a crianzas de 6 a 12 anos.

Correntes do Ulla chega en xuño con piragüismo, sendeirismo e voluntariado

Os alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e Vedra, Carlos Martínez, presentaron *Correntes do Ulla*, unha iniciativa conxunta que inclúe sete actividades co río Ulla como eixo central e que inclúen piragüismo, sendeirismo e un campamento de voluntariado. Inscripcións en www.boqueixon.gal.

Así, o sábado 28 de xuño terá lugar a única actividade de pago de todo o programa: Descenso do Ulla en piragua, dende o Campo do Río de Ponteledesma ata a área de recreo de Agronovo. O prezo é de 30 euros por persoa e inclúe: piragua para dúas persoas, chaleco salvavidas e seguro. Poden participar tamén menores de idade (de 13 a 18 anos), con autorización familiar.

Do 21 de xullo ao 1 de agosto terá lugar o Campo de voluntariado "Monte Sacro", en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Vo-



Os alcaldes de Boqueixón e Vedra presentaron o programa a carón do Ulla

luntariado. Un campamento medioambiental e social dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos.

Finalmente, *Correntes do Ulla* convoca cinco rutas de sendeirismo gratuítas en xullo e agosto. Dúas están incluídas no programa *Goza do Ulla*: Roteiro de Pescadores (sábado 5 de xullo) Pazo de Santa Cruz de Ribadulla – San Xoán da Cova (domingo 3 de agosto).

O sábado 12 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas, terá lugar unha ruta fotográfica

ambiental pola contorna do Coto de Ximonde guiada polo fotógrafo Fernando Lueiro. E para agosto quedan dúas rutas para dar a coñecer o patrimonio oculto. A primeira terá lugar o sábado 9 de agosto pola contorna de San Xoán da Cova, Gundián e Ponte Ulla. A segunda terá lugar o domingo 17 de agosto pola contorna do Pico Sacro. En ambos os dous casos, o horario será de 10:30 a 13:30 horas e o número de prazas será limitado.

A piscina municipal abre o 21 de xuño

A piscina do Forte abrirá as súas portas o sábado 21 de xuño, sendo a entrada de balde ata o 1 de xullo. Os prezos mantéñense sen variacións: 3,71€ a entrada individual e os bonos de 20 entradas custarán 6,17€ (-16 anos) e 12,34€ (adultos). E nos abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43€), 1º fillo (6,17€), 2º fillo (3,09€) e de balde o resto.

Cursos de natación

A inscrición nos cursos de natación (iniciación e perfeccionamento) para nados do 2013 a 2020 está aberta ata o 10 de xuño. As clases serán nas mañás de xullo e o prezo é de 15€. Inscripcións na sede electrónica ou no Concello coa ficha dispoñible en boqueixon.gal.



A Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo celebra o seu xantar

A Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo, presidida por Ana Botana, vén de celebrar o seu tradicional xantar anual. Un momento de confraternidade entre os veciños e veciñas da parroquia ao que asistiu o alcalde, Ovidio Rodeiro, quen felicitou á asociación polo seu traballo a prol do rural e en favor da veciñanza.



Entregados os premios do Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas

O alcalde Ovidio Rodeiro e o director do CPI, Ángel Maciñeiras, entregaron os premios do XI Certame de relato curto Xosé Neira Vilas, que recaeron en: Xavi Rendo e Lucas Campos (3º-4º Primaria), Fátima de la Iglesia e Abel Brey (5º-6º Primaria) e Simón Rouco, Nerea Rendo e Sofía Liñares (Secundaria).

Fútbol Gaélico



Recepción oficial para **Simón, Iker, Dani e Breixo**, xogadores do Estrela Supernova de fútbol gaélico que proclamaron campións de Europa no Féile 2025. Un torneo disputado en Amsterdam, con 12 clubs de seis países, no que Dani Illobre foi proclamado mellor xogador. O equipo reuniu mozos de Boqueixón, O Pino e Friol.

Danza



Alicia Carrillo e o seu grupo das Escolas Tempos e Menssana acadaron o primeiro premio no Concurso Nacional de Danza, celebrado en Burgos e no que tomaron parte máis de 2.400 bailaríns. A deportista boqueixonesa brillou na categoría "Fusión", executando *snake crew*.

Atletismo



A **XI Carreira Camiño das Letras** reuniu a un total de 500 atletas, dos que 126 completaron o percorrido de 15 km cunha espectacular saída dende a contorna do Pico Sacro. O triunfo final foi para Juan Negreira Montero e Lucía Peón Santomé. Na modalidade 5k, a vitoria foi para Alberto Riveiro Lampón e Ainhoa Gontán Iglesias.

Un mes de éxito Boqueixón... e o qu

Espectacular mes de maio para o deporte en Boqueixón, con múltiples vitorias en distintas modalidades deportivas: judo, ximnasia, patinaxe, fútbol, danza, fútbol gaélico... Uns éxitos froito do esforzo dos nosos nenos e nenas pero tamén ao traballo dos clubs e o apoio das familias.

Aínda que todos merecen o noso aplauso, dous deles destacaron este mes pola dimensión internacional e nacional do conseguido, o que motivou sendas recepcións oficiais na casa do concello por parte do alcalde, Ovidio

Judo



O pavillón do Forte acolleu o **VIII Trofeo de Primavera Kumi Kata**, organizado pola **Escola Judo Boqueixón** e que puxo o broche de ouro á primeira Liga de Judo Rural. O alcalde Ovidio Rodeiro e o delegado de Iberdrola en Galicia, Francisco Silva, fixeron entrega dos premios.

Ciclismo



Máis dun milleiro de ciclistas **pasarán o domingo 15 de xuño por Boqueixón** dentro da **Marcha Cicloturista Eurovelo Compostela 2025**. O alcalde Ovidio Rodeiro asistiu á presentación desta iniciativa organizada polos clubs ciclistas Ultreia, Compostelano, Bicicletas Oliveira, Noitebra, Botafumeiro, San Lázaro e Os Escaravillos.

Os deportivos en que está por chegar!

Rodeiro. Falamos deses catro campións de Europa de fútbol gaélico (Simón, Iker, Dani e Breixo) e das judokas da Escola Judo Boqueixón (Lucía, Irene e Lucía), que conseguiron un bronce a nivel nacional e dous subcampeonatos e un bronce no campionato galego.

E xuño chega cargado de actividades. Seguindo co judo, Skola Lestedo acollerá unha xornada de defensa persoal o 6 de xuño. O Squadra Boqueixón de Ximnasia ten programada a exhibición de fin de curso para o venres 13 e organiza un campus de verán.

Judo



Recepción oficial para Lucía Munín, Lucía Pol e Irene Ferreiro, judokas da Escola Judo Club Boqueixón que ven de conseguir uns extraordinarios resultados deportivos: bronce no Campionato Nacional Infantil (Lucía Munín) e dúas pratas (Irene Ferreiro e Lucía Munín) e un bronce (Lucía Pol) no Campionato Galego Infantil.

Fútbol



O SD Vilvestro foi o gañador do **III Torneo de Fútbol 11 Sub 12**, organizado polas ED Vedra-Boqueixón disputado o pasado 17 de maio nos campos do Forte (Boqueixón) e O Coto e Manuel Silva (Vedra). O segundo posto foi para o Ourense CF e completou o podio a SD Compostela. Os locais da **ED Vedra-Boqueixón** conseguiu un meritorio sexto posto.



Ximnasia



O pavillón do Forte acolleu o **I Torneo Pico Sacro de Ximnasia Rítmica**, organizado polo club **Squadra Boqueixón** cuxas campioas realizaron un gran campionato conseguindo sete medallas: un ouro (Irene Lareo), tres pratas (Marta Lorenzo e os grupos Infantil m e Alevín) e tres bronces (Gabriela Paces, Carla Depont e o conxunto Prebenxamín). Ademais, en maio tamén conseguiron outras sete medallas no Torneo In Mare, tres ouro (Irene Lareo, Trío Alevín e conxunto Prebenxamín), unha prata para Carla Depont e tres bronces (Alejandra Louzao, Zaira Castro e Marta Lorenzo).

Patinaxe



O pavillón de Lestedo acolleu o **II Trofeo Pico Sacro de Patinaxe Artística**, no que participaron 90 patinadoras dos clubs Sarela, Omega, Teo, Oroso, Lenda, Compostela, Berenguela, Noia Patín, Cidade de Ribeira e o Ágora Boqueixón, como organizador. **As nosas patinadoras lograron 13 podios** e seis primeiros postos nos niveis 0, 1, 2, 4, 5 e 7.

Convocados os cursos de inglés e clases intensivas para preparar o B2

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, que terán lugar de outubro a xuño no CPI Antonio Orza Couto. Están dirixidos a alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria e mocidade a partir de 16 anos, grupos A2, B1 e B2. O alumnado matriculado pode renovar a súa praza ata o 15 de xuño. Despois, do 16 ao 30 de xuño abrírase o prazo para novas matrículas. A documentación está dispoñible en www.boqueixon.gal.

E do 23 de xuño ao 11 de xullo, de 11:00 a 13:00 horas, terá lugar no CPI un **curso intensivo de inglés para preparar o exame B2**. Máis información: 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.es.

O Concello abre as anotacións para o Campamento CREA

O Concello de Boqueixón abre inscricións no campamento CREA, unha iniciativa gratuíta que ten como obxectivo crear no verán un espazo lúdico-educativo usando un método de educación non formal, que favoreza a aprendizaxe das persoas participantes e fomentando a creatividade.

O campamento CREA terá lugar en xullo, en horario de 9:00 a 14:00 horas e con posibilidade de aumento horario por conciliación. A maiores, ofrécese a posibilidade de optar ao servizo de comedor, neste caso o horario de recollida ampliaríase ata as 15:30 horas.

Esta actividade está dirixida a mozos e mozas matriculados na ESO durante ese ano. O número de prazas é limitado, polo que terá preferencia a rapazada empadroada ou escolarizada en Boqueixón.

Inscricións ata completar prazas enviando a cultura@boqueixon.es o formulario dispoñible en boqueixon.gal.

Campamentos dixitais

Por outra banda, o Concello convida a conciliar este verán mesturando aprendizaxe e ocio a través dos Campamentos Dixitais, dirixidos a nenos e nenas de 9 a 13 anos. Unha actividade gratuíta que terá lugar do 21 de xullo ao 1 de agosto, en horario de 10:00 a 13:00 horas, no CPI Antonio Orza Couto.

Durante as 30 horas de programa, a rapazada aprenderá competencias dixitais básicas e nocións básicas de ciberseguridade e como tratar o ciberacoso. As prazas son limitadas.

Para máis información ou reservar a praza é preciso contactar co teléfono 981 513 115.

Aberta a inscrición nas actividades deportivas para persoas adultas

O Concello de Boqueixón informa de que ata o 15 de xuño estará aberto o procedemento de renovación de praza para os veciños e veciñas que participaron este ano nas actividades deportivas para persoas adultas. Dende o Departamento de Deportes informarase do procedemento a seguir.

Por outra banda, do 16 ao 30 de xuño abrírase o prazo de recepción de novas matrículas para a temporada 2025-2026 a través da sede electrónica municipal.

Toda a documentación, ficha de inscricións e as bases desta nova convocatoria poden ser consultadas na web municipal: www.boqueixon.gal. Máis información no 981 513 061 ou en cultura@boqueixon.es.



Curso de defensa persoal para mulleres con Ruth Lorenzo

Un total de doce mulleres de Boqueixón e Vedra de todas as idades, profesións e inquéndanzas participaron, xunto coa conselleira de Servizos Sociais de Igualdade, Ángela Conde, no Curso de Defensa Persoal Feminina, que impartiu a karateca Ruth Lorenzo Couso, campioa nacional e internacional.



Cuarta edición dos maios en Enoturismo María Manuela

Enoturismo María Manuela acolleu a cuarta edición de "Os Maios ao noso xeito", que incluíu degustación de produtos autóctonos, presentacións literarias e actuacións musicais. O acto contou co conselleiro de Cultura, José López; o secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o alcalde Ovidio Rodeiro, entre outros.



Oural celebra o San Cidre por todo o alto

O campo da festa do Oural quedou pequeno para desfrutar da 51 Festa das Carrozas do San Cidre. Unha edición marcada pola inminente declaración como de Interese Turístico de Galicia, que ao final non chegou a tempo pero, como dixo o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, “esta é unha festaza, pero pouco coñecida. Tendes que dala a coñecer máis e ampliála porque, despois do recoñecemento como Festa de Interese Turístico de Ga-

licia, ides ter que buscar un campo da festa máis grande”. Pola súa banda, o alcalde Ovidio Rodeiro puxo en valor “o traballo dos homes e mulleres do Oural que levades 51 anos facendo estas carrozas”.

O pregón correu a cargo do xornalista Adrián Díaz e Os Cuchipandas levaron o premio á mellor carroza, seguida da “Crackrroza” do CRA e a proposta de Os Cheas. A Charanga BB+, a AC O Fiadeiro, Fussión e La Fórmula puxeron a música.



Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06



O XXXII Encontro de Maiores reúne a 340 persoas

Un total de 340 persoas participaron na edición número 32 do Encontro de Maiores de Boqueixón, celebrada no pavillón municipal do Forte. Unha xornada que arrincou no salón de actos do colexio cunha misa, á que seguiu un xantar de con-

fraternidade con música e animación. Como novidade, este ano as persoas asistentes tamén puideron desfrutar dos petiscos da campaña "Galicia sabe amar", promovida pola Xunta de Galicia.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, e o

director xeral de Familia, Jacobo Rey Sastre, foron os encargados de entregar as placas de homenaxe as dúas persoas asistentes de maior idade, que desta vez foron Almerinda Vigo Torres, de 88 anos, e Solitario Barcala Villa, de 90 anos, ambos dos

dous veciños da parroquia de Sergude.

Así mesmo, durante o xantar tivo lugar un sorteo de agasallos, en colaboración con SBC Gasolineiras, e repartíronse entre os presentes iogures de gran formato cortesía de Clesa.

AXENDA DO MES DE XUÑO

Sábado
7

Excursión a Vilanova da Cerveira e A Fortaleza

Inscripcións no 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es

Martes
10

Fin do prazo de inscrición nos Cursos de Natación

15€. Inscricións no Concello ou a través da sede electrónica

Xoves
12

Fin das inscricións na EIM Raíña Lupa

Inscricións no Concello ou a través da sede electrónica

Venres
13

Exhibición fin de curso Squadra Boqueixón

Pavillón do Forte. 17:00 h.

Luns
16

Unidade Móbil do DNI e Pasaporte

Casa do Concello. Pola mañá.
Cita previa no 981 513 115.

Sábado
21

Apertura da piscina

Piscina municipal do Forte.
Horario de 15:00 a 21:00 h.

Domingo
22

Fin do prazo para as cacharelas de San Xoán

Rexistro Xeral / Sede Electrónica.
Impresos: www.boqueixon.gal

Luns
23

Curso intensivo de inglés

CPI Antonio Orza Couto. Ata o 11 de xullo, de 11:00 a 13:00 h.
Inscricións no 981 513 115.

Sábado
28

Descenso do Ulla

Campo do río de Ponteledesma.
Inscricións en www.boqueixon.gal.

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com